

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 9 DE DECEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día nove de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 1 de decembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 1 de decembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio do Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021. (Boletín Oficial da Provincia número 205, do 1 de decembro de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 27 de novembro ao 3 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1824/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 1878/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1824/2020	27-11-2020	Reposición legalidade urbanística por realización



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de obras en peche de finca sita en Lugar de Espírito Santo, Cecebre sen comunicación previa ou licenza concedida. Propietarios: JNL e MDLG
1825/2020	27-11-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela conlindante á sita en Meixigo, Cambre. Propiedade: Herdeiros de JML
1826/2020	27-11-2020	Aprobación de facturas e certificacións J Mauri
1827/2020	27-11-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de decembro de 2020
1828/2020	27-11-2020	Outorgamento de premios e gratificacións aos participantes no Entroido en Cambre 2020
1829/2020	27-11-2020	Lista definitiva de admitidos para a contratación dun orientador laboral
1830/2020	27-11-2020	Desestimento axuda lentes correctoras de GYQN
1831/2020	27-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a LAAG durante un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1832/2020	27-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a AGU durante un período máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto
1833/2020	27-11-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por maleza en finca sita en Amil, Cambre. Propiedade: MTB
1834/2020	27-11-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita nas Gamelas, Anceis. Propiedade: JEL, herdeiros de M JEL e herdeiros de EEL
1835/2020	27-11-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Brexo Lema. Propiedade: Herdeiros de EVV e herdeiros de EAC
1836/2020	27-11-2020	Expediente de orde de execución por estado da edificación sita en San Bartolomeu, Pravio. Propiedade Fundación Ro de SR
1837/2020	27-11-2020	Campaña de difusión e concienciación cidadá para a recollida, limpeza e depósito e contedores de materia orgánica de deposicións de animais de compañía nas vías públicas do concello de Cambre
1838/2020	27-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentos a MAFS por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1839/2020	27-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a DCM por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1840/2020	27-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a ASL por un período máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1841/2020	27-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a AVF por un período máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto
1842/2020	27-11-2020	Nomeamento de coordinador de seguridade e saúde da obra "Reforma da cuberta e actuación nos vestiarios do CF de Lendoiro A Barcala
1843/2020	27-11-2020	Expediente de Xeración de crédito número 10/2020. Subvención destinada á inclusión social da poboación en risco de exclusión. (Nº Expte Xunta BS623C 2019/6)
1844/2020	27/11/2020	Aprobación da nómina correspondente ao mes de novembro de 2020, por importe de 383.571,27 euros
1845/2020	30-11-2020	Aprobación ACF núm. 3/2019 do 1de xullo ao 30 de setembro de 2019
1846/2020	30-11-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de outubro e da produtividade do terceiro trimestre de 2020, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de novembro de 2020
1847/2020	30-11-2020	Aprobación da acreditación dos fondos recibidos polo concello de Cambre correspondentes á achega correspondente ao exercicio 2019 do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Fundación ADRA (Axencia Adventista para o desenvolvemento e recursos asistenciais)
1848/2020	30-11-2020	Recoñecemento de obrigas correspondentes aos premios e gratificacións aos participantes no Entroido en Cambre 2020
1849/2020	30-11-2020	Convocatoria Xunta Voceiros extraordinaria día 3 de decembro de 2020 ás 14 horas
1850/2020	30-11-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1851/2020	01-12-2020	Substitución de rede de saneamento en Miguel González Garcés, Cambre, levantamento reparos Intervención 30-11-2020
1852/2020	01-12-2020	Corrección erros nome adxudicatario contrato servizo control poboación de pombas e estudo poboacional de gaviotas no Concello de Cambre
1853/2020	01-12-2020	Reposición legalidade urbanística a MÁSA por obras consistentes nun soportal de entrada da vivenda sen título habilitante en Apartada, San Lourenzo de Meixigo
1854/2020	01-12-2020	Adxudicación contrato menor para a compra de prendas de uniformidade para a Policía Local (cazadoras)
1855/2020	01-12-2020	Subministración de prendas e materiais deportivos para os funcionarios da Concellería de Cultura, Deportes e Xuventude



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1856/2020	01-12-2020	Subministración de prendas e indumentaria de seguridade para os traballadores da Concellería de Cultura, Deportes e Xuventude
1857/2020	01-12-2020	Cesión de terreos para implantación do Plan de emerxencia da presa no entorno de Cecebre
1858/2020	01-12-2020	Concesión axuda aluguer a ESLC por importe total de 513 euros
1859/2020	01-12-2020	Denegación axuda aluguer a CRSR por ter avalista no contrato de aluguer
1860/2020	01-12-2020	Desestimento axuda recibo aluguer de PGS
1861/2020	01-12-2020	Concesión de premio outorgado polo xurado do XI Concurso de Escaparates de Nadal 2019 (Segundo)
1862/2020	02-12-2020	Denegación axuda aluguer a MRLD por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecidos
1863/2020	02-12-2020	Denegación axuda material escolar a MVJ por non existir a situación de necesidade, non se produce a escolarización, segundo o artigo 22
1864/2020	02-12-2020	Aboamento da diferenza liquidación de MCRdelC a herdeiros
1865/2020	02-12-2020	Autorización certificado de representante de entidade PVV
1866/2020	02-12-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do día 7 de decembro de 2020
1867/2020	02-12-2020	Convocatoria do grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións (PES) para o luns 7 de decembro de 2020, ás 18:00 horas
1868/2020	02-12-2020	Defensa e personamento no recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade "GESTIÓN CULTURAL ART MUSIC AGENCY, S.L." contra falta de resposta do Concello de Cambre á reclamación económica presentada o 4 de xuño de 2020, por gastos derivados de reserva de actuación do artista "King Africa" para as festas do "Entroido Pequeno" . Expediente : 2020/X999/001032
1869/2020	02-12-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1870/2020	02-12-2020	Aprobación da solicitude de modificación dos proxectos a realizar pola Asociación de Empresarios Cambre Empresarial e reasignación de orzamento dentro do programa de subvencións municipais a asociacións empresariais 2020
1871/2020	02-12-2020	Expediente sancionador por incumprimento de horario de peche do establecemento sito no Temple, Cambre
1872/2020	02-12-2020	Ausencia de dona Maria del Carmen Pan Matos, concelleira delegada do servizo especial de Desenvolvemento Asociativo, dende o día 7 ao 13 de decembro de 2020, ambos os dous incluídos

1875/2020	03-12-2020	Reposición legalidade urbanística pola colocación dunha caseta prefabricada e un portal de apertura corredeira en Peiraió (Bribes) Propiedade: APG e OICM
1876/2020	03-12-2020	Reposición legalidade urbanística por obras de derrubamento da totalidade da vivenda unifamiliar sita en Altamira, parroquia de Anceis.(Expte 2018/U022000045). Propiedade: JMVF e NMVR
1877/2020	03-12-2020	Reposición legalidade urbanística por obras en Altamira, Anceis, consistentes no cerramento dunha terraza existente con carpintería metálica ou pvc e cuberta a unha auga. Propiedade: JCL
1878/2020	03-12-2020	Aprobación bases "Rasca e gaña no Nadal" 2020 - 2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

– Proposta de adxudicación do contrato para a “Instalación de área de servizo para autocaravanas en c/Samosteiro. Cambre”, á entidade Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L. no prezo ofertado de 11.222,09 € sen IVE, 13.578,73 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000217

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

Único: Proposta de adxudicación do contrato para a “Instalación de área de servizo para autocaravanas en c/Samosteiro. Cambre”, á entidade Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L. no prezo ofertado de 11.222,09 € sen IVE, 13.578,73 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000217

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 9 de novembro de 2020 elabóranse polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, os documentos denominados “Prescricións técnicas” “Informe proposta” e “Descrición técnica para as obras de Instalación de área de servizo para autocaravanas en c/Samosteiro. Cambre”, cun orzamento de 12.400,10 € sen IVE, 15.004,12 € IVE incluído.

Con data 10/11/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal, polo alcalde (xa que segundo o disposto na resolución número 1323/2019 do 1 de xullo, quedan reservadas á área de Alcaldía as materias relativas á concellería de Turismo e Patrimonio) e pola concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, na que se incorporan as prescricións técnicas, cun orzamento base de licitación de 12.400,10 € sen IVE, 15.004,12 € IVE incluído, e se motiva a necesidade de dar continuidade á política de mellora das infraestruturas viarias e os espazos públicos no municipio de Cambre, e “vendo o fenómeno do Autocaravanismo en España, o turismo itinerante que está a experimentar un crecemento moi importante nos últimos anos”. En concreto, a actuación proposta comprende a instalación dunha área de servizo na que os viaxeiros que visiten Cambre en autocaravana, poidan realizar as labores de carga de auga potable e baleirado de augas grises e negras e depositar residuos sólidos domésticos. Disporanse tamén paneis informativos para o correcto uso da instalación.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios necesarios , considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a realización desta obra.

Con data 12/11/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal, de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 432 60900, (outras infraestruturas novas promoción turismo), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 19/11/2020 emítese informe asinado polo arquitecto municipal, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L.
- CANARGA, S.L.
- ARKIVOLTA CONSTRUCCIONES Y MANTENIMIENTOS, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESAS	CRITERIO ECONÓMICO		
	Oferta (IVE incluído)	Baja	%
NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L	13.578,73	1.425,39	9,500
CANARGA, S.L.	14.400,00	604,12	4,026
ARKIVOLTA CONSTRUCCIONES Y MANTENIMIENTOS, S.L	14.943,50	60,62	0,404

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Instalación de área de servizo para autocaravanas en c/Samosteiro. Cambre", á empresa NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L. con NIF B700****, domicilio en PE do Muíño 17, Meirás – 15168 Sada (A Coruña), no prezo ofertado de 11.222,09 € sen IVE, 13.578,73 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 3 de decembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº JUA 411/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 07 de decembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, contempladas no artigo 25.2. d) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

j

Primeiro: Aprobar o documento de descrición técnica asinado polo arquitecto municipal para a execución da obra de “Instalación de área de servizo para autocaravanas en c/Samosteiro. Cambre”, cun orzamento base de licitación de 12.400,10 € sen IVE, 15.004,12 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 432 60900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000217, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “Instalación de área de servizo para autocaravanas en c/Samosteiro. Cambre”, á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L., con NIF B700***** e domicilio en PE do Muíño 17, Meirás – 15168 Sada (A Coruña), no prezo ofertado de 11.222,09 € sen IVE, 13.578,73 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Désígnase como director da obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a dona Susana Bahamonde López, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou



a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia